

CEN A **nós** 1920-2020

ESPECIAL CENTENARIO DA **REVISTA NÓS**
LA VOZ DE GALICIA_30 DE OUTUBRO DO 2020



ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

2

PRÓLOGO

100 ANOS DAS «PRIMEIRAS VERBAS»



primeira guerra mundial, unha pandemia, unha crise de identidades e a convulsión de nacionalismos. Deste contexto, da decadencia de Europa, xurdiu o renacer de Galicia. Os inadaptados que conformaron a Xeración Nós atoparon no ser galego a súa misión, e a ela dedicaron a súa vida, sen imaxinar que o seu entorno serviría para falar de alta cultura. Unha decisión inédita para unha cultura xulgada como insignificante. O legado do seu labor senlleiro chega ata os nosos tempos. Unha crise económica sen precedentes, outra pandemia, unha crise de identidades e a convulsión de nacionalismos. A actitude que eles comezaron está intrínseca nas numerosas iniciativas culturais de galegos que seguen vendo no noso ser a súa dedicación.



Cúmprense 100 anos das primeiras verbas da revista Nós. Cen anos de distancia, cunha situación cultural moi distinta, que avanza pero arrastra problemáticas propias da nosa idiosincrasia. Un centenario que se manifesta como homenaxe pero que tamén aspira a ser reflexión. Nesta data tan sinalada, preguntámonos que sería de

nós sen eles, e como sería se a publicación seguise alumeándonos o camiño. Este número extraordinario que hoxe presentamos da revista Nós é a mostra do pensamento máis inmediato que representaría o saber da xeración no 2020.



Rescatamos e actualizamos aos nosos tempos algúns dos temas esenciais que se trataron nos 145 números de Nós e incluímos visións que, de seguro se eles vivisen este ano, tamén as abarcarían. Para a escrita desta revista, escollimos aos representantes de cada eido que quizáis sen decatarse manteñen viva a actitude de Nós. A través da reflexión de figuras tan relevantes na cultura galega actual queremos contribuír á comprensión da orixe das nosas raíces: o que fai que hoxe, os galegos seamos como somos.



Cando Castelao e Otero se despediron en Bos Aires, o ilustrador díxolle ao ourensán: «Abrazarte a ti é abrazar a Galicia». Calquera agarimo das colaboradoras e colaboradores que de aquí en diante se presentan é unha parte fiel da nosa terra. Neles deixamos as palabras que nos retratan a todos nós neste 2020.



COORDINACIÓN

Andrea Álvarez
Uxía Carrera
Sara Pérez

DESEÑO

Manuela Mariño

ILUSTRACOES

Tiradas da revista Nós,
a maioría foron feitas
por Castelao



ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

3



MANUEL RIVAS

Escritor, poeta, ensaísta e xornalista galego. Naceu no barrio coruñés de Montealto e centrou a maioría da súa obra na lingua galega. É codirector da revista mensual Luzes. Dende o 2009 é membro da Real Academia Galega.

UN DECÁLOGO SECRETO

1

O paraíso tamén está en Galiza. Non é chauvinismo. Por que imos ter menos autoestima que as inmobiliarias? O que lle fai falta a este país é unha man de pintura coas cores das dornas e un azul de Patinir.



2

Somos fillos da vieira. É dicir, de Venus. En Santiago está soterrada unha deusa adolescente e o Camiño de Santiago foi sempre o de Eros e Dionisio, a internacional pecadora do Entroido, usurpado pola burocracia do Santo Oficio e a multinacional das Indulgencias.



3

Somos do partido do riso. Aquí, os mortos pásano ben. Chegará un día en que en lugar de crego pediremos un mariachi republicano que cante *Pero sigo siendo el rey!*

4

Somos larpeiras, a moita honra. Sempre nos din: «Nada de caramelos agora. Cando non teñades dentes, xa comeredes todos os que queirades». Pois comer cos dentes as Pedras todas de Santiago.



5

Temos vontade de estilo. Facemos ben o mal e mal o ben.



6

Temos unha lingua propia, moi lírica, moi lercha. E un acento con moitas curvas, afrodisíaco.

7

Somos moi de aldea: só nos interesa o planeta Terra e a estreliña do luceiro, compañeira da lúa.



8

Somos sentimentais, que pasa? A ver quen ten coraxe a chorar como choramos nós.


9

Disque temos unha ironía británica. Mais o noso himno nacional, coa letra d' *Os Pinos*, supera en todo o *God save the Queen*.

10

Seremos os últimos en marchar deste mundo do demo. Chegaremos tarde ao Xuízo Final.





ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

4



**MALORES
VILLANUEVA**
Profesora, editora
de *Galaxia*, crítica
literaria e doutora
en Filoloxía Galega
pola Universidade
de Santiago de
Compostela, Villanueva
está especializada en
sociolingüística e na
historia da lingua
galega.

LITERATURA FEMININA CONTEMPORÁNEA

NÓS TAMÉN CONTAR!



literatura galega ten de mascarón de proa unha muller, Rosalía de Castro, algo insólito nos sistemas literarios da nosa contorna. Se ben iso non supuxo ningún cambio no que respecta á proxección das escritoras en Galicia e houbo que agardar a finais do século XX para ter un número de autoras significativo cunha traxectoria consoli-

dada e cunha aposta literaria consciente e solvente. Certo é que con anterioridade houbo figuras da relevancia de Xohana Torres ou María Xosé Queizán, elas destacaron en diferentes xéneros e foron guieiros para as novas xeracións que se abrían paso nun ámbito totalmente masculinizado. Co tempo outras autoras publicaban as súas obras: O asasino de calindornas, de Susana Antón (1981), *No fio do tempo de Xosefa Goldar* (1987) ou *Diario do mimo*, de Carmen Panero (1989).

Debemos facer un inciso dentro deste relato, pois na Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) as mulleres ocuparon con anterioridade un espazo destacado e nos anos oitenta foron moi prolíficas: Concha Blanco, María Victoria Moreno ou Helena Villar Janeiro. Este xénero pensado para fornecer de lecturas e soños os máis pequenos foi máis permeable á escrita feminina, quizais porque tradicionalmente se asociou o coidado da infancia coa muller. Tamén cómpre destacar o feito de seren mestras e de estar en contacto co público para o que creaban esas historias e, incluso, a necesidade das editoriais de libros para esas franxas de idade unha vez que se incorporara o galego ao ensino.

En 1986 creouse o Premio Merlín que gañou Úrsula Heintze con *A casa abandonada*. Mentres isto acontecía na LIX, no Premio Xerais de novela houbo que agardar dezaioito anos para que recaese nunha muller. Marilar Aleixandre con *Teoría do caos* (2001) foi a primeira autora premiada, á que seguirían Inma López Silva, Teresa Moure, Rexina Vega, Rosa Aneiros, Iolanda Zúñiga, María Reimóndez e Emma Pedreira. Poucas son en trinta e cinco anos, aínda se contamos a María Lorenzo que o compartiu con seu pai. Se repasásemos o Premio Blanco Amor ou o García Barros observariamos as mesmas desigualdades.

A comezos do século pasado unha voz entraba con forza na narrativa galega, Begoña Caamaño publicaba *Circe ou o pracer do*


azul (2009) e *Morgana en Esmelle* (2012). A xornalista foi quen, en só tres anos, de construír unha linguaxe propia máis alá das tendencias. A súa escrita antipatriarcal e feminista centrouse en reescribir os mitos clásicos e contalos dende unha perspectiva contemporánea e de muller. Ela é un exemplo de como as escritoras galegas do século XXI son moi conscientes dende onde escriben e de que non todo está conseguido, pois seguen a ser minoría nos andeis.

As redes sociais, os clubs de lectura e a proxeccións dos premios literarios axudan na visibilidade das producións de autoría feminina. Hai autoras, como Berta Dávila, que gañaron dende moi novas certames que posibilitaron a publicación das súas obras e, ao tempo, conseguiu unha repercusión na escasa prensa que se dedica á cultura. Despois de varios recoñecementos literarios chegou o Premio de Narrativa Breve Repsol coa novela *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2013), que continuou a colleitar éxitos da crítica e do público unha vez que se deu ao prelo. Recentemente gañou a última edición do mesmo certame con *Illa decepción*, ao tempo que a súa novela *Carrusel* se facía co Premio da Crítica que outorga anualmente a Asociación Española de Críticos Literarios.

Non só a narrativa conta con voces femininas relevantes, a poesía galega sempre foi un xénero privilexiado nas nosas letras e goza de gran prestixio fóra de Galicia. Chus Pato soa xunto a grandes figuras das letras universais na Woodberry Poetry Room de Harvard. Yolanda Castaño organiza no país encontros tan salientables como Poetas Di(n)versos e viaxa por todo o mundo levando a poesía galega como bandeira. Luísa Villalta, Xela Arias, Eva Veiga, Dolores Tembrás, Oriana Méndez, Miriam Ferradáns... son autoras de obra excepcional. Este éxito da poesía vén de ser recoñecido por segundo ano consecutivo co Premio Nacional, que o pasado ano recaeu en Pilar Pallarés, por *Tempo fósil*, e este en Olga Novo por *Feliz Idade*. E hai tan só unha semana Alba Cid gañaba o Premio de Poesía Joven Miguel Hernández.

Dende finais do século XX o esforzo e o compromiso das autoras foi revertendo a súa escasa presenza no ámbito literario.

Con todo, as cifras dinnos que en Galicia a escrita feminina está lonxe de supor o 50 % da produción. Queda moito por contar e porque nos teñan en conta, pero a palabra é nosa e cada vez soa máis forte.





ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

5



PILAR PALLARÉS
Poeta galega recoñecida
no 2019 co Premio
Nacional de Poesía
pola súa obra «Tempo
fósil». Agora exerce de
docente nun instituto
da Coruña.



**DENÍS
GALOCHA**
Ilustrador galego
moi valorado dentro
do mundo artístico
que participou
nunha investigación
galardoada cun
premio Pulitzer.

María:

os ósos dos nosos pais moran na viciñanza, rotan
cara ao silencio do non-tempo.

De regresaren,

habíanse querer sumar a esta danza de mortos?
De mans dadas o adolescente desventrado e o
que garda

para a flora lourida dos fondos abisais
colonizando a adega

o expediente escolar

nun peto.

Médranlle corais nos ollos,

que son (humanamente) dous, enviso na pericia
da nai

o esquerdo

(a tanza,

a saqueta de plástico

sobre unha folla de xornal pregada

e embaixo un sirgo rosa respuntado e dentro,

entre a páxina tres

e a catro, tapando as mencións de honra,
a sura do Alcorán).

A seguir os xiros dos cardumes

o seu ollo dereito,

en tanto as unllas recean desprendérense
das dedas, co seu nácar gasto.

Os nosos días
son ese insecto engolido pola boca do funil,
María,

o canal ínfimo dunha gorxa enferma, a luz
de maio xirando en desconcerto nun final de
inverno.

Sábeno,

os nosos pais.

Talvez mañá o teu desza xunto a ti, que dormes,
(os pais mortos viaxan do non-tempo ao noso,


vennos madurecer sen eles,

fitan con melancolía como nos facemos vellas) e
che deixe nas pálpebras

un po de avelañña.

Talvez mañá descanses.

(Para María Cousillas)





ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

6

DIVULGACIÓN CIENTÍFICA EN GALEGO

FALÁRMONOS DE CIENCIA: RAZÓNS PARA O OPTIMISMO



MANUEL REY
É un xornalista que
dende o ano 2016
traballa como redactor
para GCiencia, o portal
de Ciencia Galega.
No ano 2017 recibiu
o Premio Galicia de
Xornalismo Científico
que concede a Real
Academia Galega de
Ciencias en colaboración
coa Axencia Galega de
Innovación da Xunta de
Galicia.



Quen propoña que a historia é cíclica, e que os mesmos problemas que afronta a Humanidade desde a súa aparición na Terra regresan unha e outra vez con diferentes nomes e formas, está a gañar razón neste 2020. E mesmo se pode atopar á primeira revista Nós como exemplo. O mundo, daquela, estaba a vivir a sacudida dun gran cambio que xa estaba en marcha: a Primeira Guerra Mundial, a Revolución Rusa e unha pandemia que, coma hoxe, mudou en boa medida a sociedade.

«Tén pouco d'agradable nacer n-unha d'estas épocas en que o mundo cambea de pruma ou de dentes», escribía Florentino López Cuevillas no artigo Dos Nossos Tempos, no primeiro número de Nós (outubro de 1920), un dos textos que sentou os cimentos do ideario daquela Xeración. Cuevillas escribía, como apuntan hoxe os cronistas, sobre unha perigosa aresta da natureza humana ante as crises: «Eu teño comparado a Gran Guerra co'iste bacilo da gripe, pois coma il escitou, fixo medrar e dou virulencia ás pasiós ruís que dormexaban nos homes e mais nas sociedades».

Así, López Cuevillas, graduado en Farmacia que nunca exerceu, pero historiador de vocación, soubo ver que estes momentos nos que o mundo cambia os seus dentes e as súas plumas, como o fan os cativos e as aves, son tamén unha gran oportunidade para apostar polo coñecemento como bandeira das sociedades. El mesmo foi un dos grandes divulgadores científicos desta xeración: O seu artigo A mansión Aquis Querquennis (Nós nº9, xaneiro de 1922), é o resultado dunha prospección arqueolóxica que el mesmo realizou no campamento romano á beira do río Limia, e sentou as bases das posteriores escavacións no lugar.

DIVULGACIÓN E NORMALIZACIÓN

Os artigos científicos que recolle a revista Nós amosaron o camiño para difundir a través da ciencia a gran riqueza que posúen a sociedade galega e o territorio no que se asenta. E tamén axudaron a normalizar o uso da terminoloxía científica na lingua do país, algo que hoxe en día segue sendo unha materia pendente nalgúns eidos, xa que o léxico segue a construírse a medida que o coñecemento avanza e os falantes e escribidores o usan. Ho-


xe, con todas as portas que aínda quedan por cruzar e os novos obstáculos que van xurdindo, podemos dicir, como a comezos dos anos 20 do pasado século, que o galego está a vivir un momento florecente no que á divulgación científica se refire.

As razóns hai que buscalas nunha rede de persoas e colectivos que, desde cadansúa disciplina, están sabendo transmitir á sociedade galega o importante que é contar o mundo e estar no mundo na lingua propia. Desde o ensino, co traballo diario en contacto coa mocidade de centos de mestres e profesores, ata as iniciativas de ciencia cidadá e divulgación nas que colaboran os científicos que dedican máis alá da súa xornada laboral a saír do laboratorio e contar o que fan, a semente está prendida e xa empeza a dar froitos.

A lista de todas as persoas e as institucións que contribúen a este bo momento é, por sorte, demasiado longa para que teña cabida nestas páxinas. Porén, podemos abordar a cuestión desde o punto de vista dunha persoa que hoxe en día queira achegarse á divulgación científica na lingua propia. Dispón de proxectos de comunicación especializados cun importante pulo, pode achegarse a museos científicos de gran relevancia, Feiras das Ciencias onde o galego é a lingua habitual, ou ás constantes iniciativas que organizan as universidades, centros de investigación e outras institucións para poñer a ciencia nas aulas, na rúa ou nos bares, así que é probable que esta persoa poida gozar delas nalgún momento. E nas librarías son visibles as coleccións de diversas editoriais galegas con títulos de gran calidade que abordan cuestións científicas.

Salvando as distancias dos diferentes contextos sociais e históricos entre o 2020 e o 1920, Galicia conta hoxe cunha xeración preocupada pola súa lingua e a ciencia que se fai aquí. E nun momento de crise e cambio, é posible dar un importante salto cara adiante. Os obstáculos seguen

sendo semellantes: a pouca implicación de determinadas institucións que deberían velar polo dereito da sociedade galega a aprender o que queira na súa lingua. Ademais, a emigración sen billete de volta de parte do talento formado frea a arela de xerar un tecido forte de I+D+i no país. Fagamos o posible para seguir tendo razóns para o optimismo.





ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

7



BELÍ MARTÍNEZ

É doutora en
Comunicación
Audiovisual pola
Universidade de Vigo
coa primeira tese que
estuda o Novo Cinema
Galego. Dende o ano
2016 xestiona o proxecto
Cinema e Muller que
ten como obxectivo
visibilizar ás mulleres
realizadoras galegas.

O CINEMA GALEGO

O NOVO CINEMA GALEGO



Hai dez anos anunciábase o nacemento dunha nova xeración de cineastas que agrupadas baixo a etiqueta Novo Cinema Galego traía aires de vangarda e renovación a un cinema que, tradicionalmente, reproducía na súa maior parte un discurso hexemónico cheo de clichés e estereotipado, que se adicaba a copiar fórmulas e narrativas alleas. Froito do seu momento histórico, marcadas pola democratización e dixitalización dos medios de produción fixeron posible colocar a Galicia no mapa das vangardas cinematográficas.

Sen dúbida a aparición desta vaga de creadores non só abre un camiño para aquelas creadoras da imaxe se non que serve, a día de hoxe, como exemplo a seguir nouttras manifestacións artísticas e culturais. Un exemplo no que o impulso colectivo fai que avancemos na boa dirección. Nun país no que impera o minifundismo demostrouse que a colectividade é posible e que o esforzo do grupo fai que os logros sexan maiores.

Normalmente, cando se analiza este movemento vincúlanse con outros xurdidos en centros de produción deslo-

calizados das gran industria cinematográfica. En Galicia tense conectado cos primeiros pasos do cinema feito no país e os creadores da denominada videoocreación galega dos 80 pero podemos establecer enormes paralelismos coa Xeración Nós:

Ambos os dous colectivos funcionaban como grupo e con consciencia de pertenza. Ambos os dous xeraron sendos discursos de modernidade nun país con certo atraso e certo complexo de inferioridade.

Discursos que, tal e como afirmou Martin Pawley, facía que Galicia chegara a tempo e establecendo un diálogo directo coas correntes estéticas innovadoras mundiais. A

combinación da mirada local co discurso global, o respecto pola nosa cultura e lingua, así como o interese pola innovación, a indagación e o cuestionamento das fórmulas narrativas farán de ambos movementos dúas correntes non só de renovación radical da nosa cultura se non os mellores faros polos que guiarse. Se daquela o poder da literatura era incuestionable. Agora, no século XXI, a imaxe impera na nosa cultura e fai do cinema o mellor dos medios para darnos a coñecer alén das nosas fronteiras.



A VOZ FILMADA



JORGE COIRA

Director, guionista e
montador principalmente
de cine e televisión,
aínda que tamén está
presente noutros terreos
como a videoocreación, a
publicidade ou o teatro.
No ano 2016, gañou
un Goya por Mellor
Montaxe na película «El
Desconocido».



endo apenas un rapaz, vin en Lugo o filme de Wim Wenders *O ceo sobre Berlín*. Aínda que eu estaba afeito a ver cine en versión dobrada, non era aquela a primeira película que vía en V.O. Pero si foi a primeira que me impactou con forza pola súa forma de enfrontarse ao feito da lingua —das linguas— no cine. Lembro a impresión que supuxo para min escoitar os anxos falar en alemán, mentres un home chegado dos EEUU falaba en inglés e unha malabarista perdida na vida falaba o seu francés natal. Aquela fábula con anxos alados agochaba un golpe de realidade difícil de ver nas salas de cine. E difícil de esquecer.

Pouco despois tivo lugar a estrea de *Sempre Xonxa*, *Continental* e *Urxa*, as primeiras longametraxes de produción galega que recollían o ronsel daquelas xa míticas curtas galegas dos 70 (*O pai de Migueliño*, *Fendetestas*, *Mamasunción...*) e que abrían o debate sobre a posible —ou desexada— existencia dun cine galego.

Dous momentos próximos no tempo que, para un adolescente coma min, comezaban a configurar unha idea esencial: Galicia só poderá existir no resto do mundo se somos quen de contar as nosas historias a través do cine, de

navegar os relatos coa liberdade creativa —e lingüística— que se respira en *O ceo sobre Berlín*.

A relación entre cine e lingua é, como mínimo, complexa. Unha boa parte do entramado industrial do cine ten entre pouco e ningún interese no asunto e ve as distintas linguas coma un problema, unha fronteira incómoda que se pode saltar a través da dobraxe ou rodando nunha lingua franca (sexa esta o castelán, o inglés ou o chinés). Esta visión dá lugar a situacións sorprendentes: algunhas moi absurdas como a dos mexicanos incapaces de entender o perfecto castelán de John Wayne nos westerns clásicos, e outras bastante simpáticas como a da convención que se establece en Vencedores ou vencidos cando, despois dun golpe de zoom de cámara, nun instante os personaxes pasan milagrosamente de falar alemán a falar inglés.

O cine ten unha capacidade poderosísima para facernos partícipes doutras vidas, doutras realidades. Convértenos en espectadores solidarios doutras culturas, doutras formas de ver e entender o mundo. E, se lle damos a oportunidade, pode achegarnos a ese pequeno milagre que son as diferentes linguas: os sons humanos que conforman, no día a día, a realidade do planeta.



ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

OS DESAFÍOS DE GALICIA

UN RURAL EN COMUNIDADE PARA TER FUTURO

8

ANDREA ÁLVAREZ,
UXÍA CARRERA
E SARA PÉREZ
Redactoras



Laura Pardeiro é de Filloval, unha aldea de Os Ancares de 35 habitantes. Ten 25 anos, é psicóloga e traballa entre Lugo e Sarria, pero vive na súa casa natal porque é onde está toda a súa vida. «A miña familia, os meus amigos, o meu mozo, as miñas raíces». Laura pertence a esa xeración de xente nova cunha formación que só se pode desenvolver nas cidades, pero que non desexa vivir nelas. É por iso que ansía un novo modelo de rural. A lucense reivindica a creación dunha rede de mocidade para que se poidan establecer nos pobos.

«Temos moita inquietude por coñecer a outras persoas». Máis alá do espazo dixital que agora protagoniza a vida, Laura sostén que hai que crear unha comunidade física para que o medo á soidade e falta de vida social non sexa un impedimento.

Carlos Millares é de Moreda, unha pequena aldea de Seoane do Courel, que apenas conta con 30 habitantes. Ten 40 anos e leva toda a súa vida dedicándose ao rural. Dende sempre tivo claro que quería quedar no seu lugar de orixe e traballar o campo. «Traballar no rural ten que ser algo innato». Hai seis anos, puxo en marcha unha explotación con vacas como unha ferramenta para limpar os montes do Courel. Agora está inmerso nun proxecto de aldea modelo para a recuperación produtiva dun bosque de aciñeiras abandonado.

Pero a decisión de vivir no rural non a toman unicamente aqueles que senten a terra como parte da súa vida. Marcos Ferreira non ten ningún vínculo aparente co rural, pois naceu na cidade de Vigo hai 44 anos. Logo de rematar a carreira de Enxeñaría de Montes estivo vinte anos «dando voltas», como el di: «Quería asentarme nun sitio e dei cun paraíso, con Parada de Montes». Non existen lazos identitarios no caso de Marcos Ferreira, pero atopou un lugar no que desenvolver de forma conxunta o seu proxecto de vida e a súa profesión. Agora, grazas á inmersión no proxecto de aldea mode-

lo, en Parada garanten a seguridade fronte os incendios forestais que ameazaban á zona.

O maior problema ao que se enfrenta o rural galego é claro: cada vez hai menos xente. «E a que queda é maior», indica Millares. Pero outros, como o acceso inmediato á unha vivenda, a falta de actividades culturais ou a necesidade de desprazarse a outras localidades para acudir a un centro sanitario ou a unha farmacia tamén cargan de dúbidas e amosan dificultades para aqueles que queren mudarse ao rural. «É complexo para as familias, aínda que ti queiras asentarte no rural, se tes fillos veste obrigado a mudarte á cidade para acceder á educación e aos servizos sanitarios sen ter que desprazarte», indica Laura Pardeiro.

Para Carlos Millares, a ausencia de poboación supón un problema para traballar o campo: «Para sacar adiante as explotacións é indispensable o traballo en conxunto». A todo isto súmase a ausencia de axudas e innovacións para desenvolver novas formas de produción, algo que de non mudar pode supoñer a desaparición de zonas rurais pequenas como a de Moreda. «O rural que hai hoxe en día se non se cambia chegará a desaparecer».

A busca da riqueza no rural sumouse nos últimos anos ás novas correntes de produción: a ecoloxía e a sosteñibilidade. A agricultura ecolóxica vese favorecida polas axudas europeas, permite subsistir mellor ás pequenas explotacións e precisa un investimento máis miúdo. Ademais, coincide en principios cos novos movementos sociais. Polo que é un imán para a xente nova que queira dar os primeiros pasos no traballo no campo. O director do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, Francisco López, traballou toda a vida no campo, pero hai 20 anos que se sumou a este tipo de produción porque ten claro que é unha ferramenta fundamental para a captación de xente.

Laura Pardeiro, Carlos Millares e Marcos Ferreira son tres testemuñas non só de resistencia, senón de busca dun novo modelo do rural. Coinciden en que é o pobo o que debe, nun primeiro esforzo, implicarse na revitalización das aldeas despoboadas. Ven claro que facer comunidade é o futuro, tanto para o traballo como para unha vida social atractiva.





ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

MÚSICA DA MODERNIDADE GALEGA


MORREREMOS

9



SÉS

Cantautora, mestra e licenciada en Filoloxía Galega e Antropoloxía Social, comezou a súa formación no baile e na música tradicional galega. No ano 2007 creou Chámalle Xis!, grupo de revelación daquel ano e gañador do concurso A Coruña Son.



Unha das afirmacións máis coñecidas e aceptadas do mestre Castelaio é que somos galegxs por obra e graza da lingua. Porén, o que hoxe vivimos a respecto do noso futuro como comunidade identitaria difire moito, para peor, da que el puido chegar a imaxinar para esta xeración. O noso idioma agoniza

e resiste a duras penas a consecuencia dun goberno que comezou en 1936 e aínda non rematou, perpetuador dun autoodio que se agudiza e que nos leva a asasinarnos.

Hai diferentes perspectivas sobre o lugar que o código ocupa á hora de clasificármonos a nosa produción artística. Para algúns, Valle-Inclán é literatura galega, igual que Russian Red é música española, para outrxs non. En realidade este debate está destinado a non chegar a outra conclusión que a que mellor encaixe no paradigma de cada individuo. Mais, aínda tendo por suposto unha opinión ao respecto, non se entra aquí na pertinencia de erixir condición sine qua non a utilización do noso idioma para que unha obra literaria ou musical sexa considerada «galega», senón na incidencia que a cantidade e calidade da produción artística na nosa lingua ten na esperanza de vida da nosa identidade. E é neste punto onde parece obvio concluír que a produción artística en galego no só achega, senón que é un elemento transcendental. A literatura en galego perpetúanos, a música en galego asómanos ao mundo.

Cando me preguntan cal é a miña opinión sobre a música galega actual, a resposta atende sempre ao factor cuantitativo: pouca. Como consumidora boto en falta máis propostas. Céntrome nos números porque unha resposta sobre a calidade da música galega alimentaría algo que me desagrada e considero inimigo acérrimo de toda lucidez: o localismo. Obviamente é máis difícil cada vez atopar verdade nas artes, e máis se esa arte é tan rendíbel económica e socialmente como o é a música. Pero non é difícil atopala na música galega, é difícil atopala na música en xeral. Galiza forma parte do mundo, dun mundo globalizado que tende por igual á frivolidade e á superficialidade. A porcentaxe de obras de calidade dentro de calquera comunidade lingüística é, a día de hoxe, sempre minoritaria.

A pauperización do sector artístico é unha realidade universal, cada vez é máis complexo atopar propostas orixinais. Se asistimos a unha produción humana en cadea, como non imos asistir a unha produción musical en cadea? Está claro que un autómatas non pode facer Arte, pero cantos máis individuos se sumen á empresa da creación galega, máis probabilidades teremos de que o número de bos libros ou boas cancións en galego sexa o suficiente como para elevar o nivel medio da nosa produción. Para isto, é prioritario botar por terra a falsa idea do idioma como barreira. A miña experiencia convénzeme cada día máis de que é a veracidade, a orixinalidade e non outro factor o que se erixe como determinante no «éxito» ou no «fracaso» dunha proposta. Non podemos botarlle a culpa á lingua galega das nosas propias eivas ou falta de talento. É obvio que o galego pode ser un handicap para entrar no universo do *mainstream* internacional, pero tamén o é de igual maneira o polaco, o francés, o alemán, o danés...e así poderíamos seguir enumerando dúcias de linguas non minorizadas e con soporte estatal que gozan de boa saúde no continente europeo. En realidade éo para calquera lingua que non sexa o inglés ou, a moita distancia, o español.

Rammstein vende entradas en todo o planeta cantando en alemán, evidentemente pola súa calidade e autenticidade. Pero é probábel que Rammstein nunca chegase a existir como tal se os seus membros se criasen co discurso de que «co alemán non se vai a ningunha parte» porque só se fala en Alemaña. Ese discurso ha de morrer, simplemente porque ademais de xerarquizador é falso. No caso galego temos que comezar por aí, por partir de principios coherentes e non de falacias baseadas no autoodio.

A produción artística galega pode axudar a revitalizar a nosa identidade, pero existe aquí un proceso de retroalimentación: temos de confiar na nosa identidade como unha igual dentro da diversidade cultural do planeta. Desde o ser galegas en galego pódese chegar ao mundo, sen ningunha dúbida, pero habemos de traballar e elixir os nosos representantes políticos para que algún día naza a xeración que parta desa base. Do contrario, extinguirémonos.



ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

10



CRISTINA PATO
Gaiteira, pianista clásica,
escritora e educadora.

A súa vida profesional está
dedicada á interpretación
musical e á docencia, nas
que explora o rol das artes
e das ciencias na sociedade.
Reside en Nova York, onde
ocupou no curso 2019-
2020 a Cátedra de Cultura
e Civilización Española no
King Juan Carlos Center da
Universidade de Nova York.



OLGA CASTRO
Tradutora e intérprete
xurada galego-inglés e
doutora pola Universidade
de Vigo. No 2010
incorporouse como
docente á Universidade de
Warwick, no Reino Unido,
onde reside. Dende hai tres
anos é correspondente da
Real Academia Galega en
Birmingham.

POSTAIS MIGRATORIAS

PERSPECTIVAS DE IDENTIDADE

O reloxo de Roberto dá sempre a hora de Celanova. Tanto ten que leve máis de cincuenta anos vivindo e traballando en Nova York, ou que os seus netos xa naceran aquí, ou que xa non volva con tanta frecuencia coa que ía no pasado. Cando veu a Nova York, non veu para quedarse, e probablemente o seu reloxo sexa o único xeito que ten de seguir imaxinando a utópica volta a esoutra vida noutro terra que deixou.

Ás veces teño a sensación de que os emigrantes vivimos nunha paréntese continua. Unha paréntese que fai que o que tes aquí, no presente, sexa temporal «pois cando aforre un pouco máis volvo para Galicia»; e o que tes alí, no futuro, sexa tamén temporal «cando deixe Nova York farei unha casa na aldea».

O caso é que Roberto é un dos camareiros do Sevilla Restaurant & Bar, un local rexentado por Lloves e Bienvenido (tamén de Celanova) que se atopa no corazón do West Village. Un negocio no que, nun pasado non moi afastado, a meirande parte dos camareiros viñan directos de Celanova a Manhattan. E para min, escoitalos falar entre eles é coma unha viaxe no tempo. É fascinante ver como o Sr. Bienvenido conserva a nosa fala sen decatarse de que a súa é unha parte fundamental da historia da Galicia que nunca se escribiu. El, coma tantos outros nos países nos que a lingua é radicalmente diferente á nosa (EUA, Suíza, Alemaña...) conservan un xeito de estar e falar que transportan a unha ao momento histórico no que emigraron: o galego dos anos cincuenta, o galego dos sesenta, o dos setenta...

A memoria cultural da emigración é un mundo de seu. Son coma pequenas grandes cápsulas de tempo e de identidade que fan a unha reflexionar sobre a perda da memoria colectiva e sobre o inxente patrimonio exterior e intercultural que non sempre vemos ou entendemos. Traballos de investigación coma os de James D. Fernández e Luis Argeo («Invisible Immigrants: Spaniards in the US, 1868-1945») aportan unha fiestra pola que podemos reimaxinar algunhas desas historias de vida, e de paso ser testemuña de como se construía e reconstruía a nosa identidade na diáspora en cada momento.

Pero aínda queda moito para entender e aceptar o papel da emigración nas nosas vidas. Nós, os que emigramos, somos tamén eles, os que inmigran. E todas esas historias da emigración, historias sobre o complexo que é que acepten a unha nunha nova comunidade, repíntense tamén en Galicia, pero do revés. Ás veces esquecemos que nós somos eles, e se cadra é así, con esa visión minguada cara a inmigración, como comezan os -ismos que enferman á sociedade, en especial o clasismo e o racismo.

O papel da nosa emigración na reconstrución cultural de Galicia foi importante a tódolos niveis: o noso himno, as publicacións literarias, as escolas indianas... Pero o papel da inmigración á Galicia actual non é menos importante: tódalas culturas que chegan a nós fannos crecer e aprender tanto coma as que nos acolleron. Fannos apreciar o mundo con outros ollos, e lembránnos que os ciclos migratorios forman parte da historia de tódalas civilizacións, por moito que nos empeñemos en esquecelo.

POLISEMIA MIGRATORIA: PENURIAS E PRIVILEXIOS

Todos os veráns da infancia aprendía algunha palabra nova en alemán. Alemán de Suíza, abofé, de onde viñan as curmáns e curmáns pasar uns días á praia, no medio das vacacións de verán dedicadas a visitar a familia na montaña sarriá. A calor abafante combatíase camiñando pola sombra para ir alindar as vacas coa avoa, que víra como a penuria levára ás súas once fillas e fillos á emigración suíza. Librei da vida nómade dxs curmá(n)s por pouco: miña mai e meu pai volveron da emigración meses antes de eu nacer. A factoría alumineira Inespal (hoxe da multinacional Alcoa) fixo que viñéramos parar á Mariña. E a Mariña —e ser de clase obreira— fixo que aprendese palabras no galego de aquí.

Penurias eu non pasei ningunha. Tampouco miñas curmá(n)s. A emigración tróuxome banquetes gorentosos, agasallos frecuentes, artefactos Made in Switzerland nunca antes vistos na Mariña dos que presumía, viaxes en coches moi grandes durante días para ir descubrir cachiños do país das vacas lilas, quedar abraida co racismo do pobo galego contra o turco na Suíza, e acabar enfeitizada por unha cultura tan distinta. E aínda así, malia todas estas farturas, para min a emigración estaba sempre vinculada á penuria.

A cultura do esforzo ben aprendida da familia, xunto

á crenza cega no mantra aquel de que estudar moito era a fórmula para un bo traballo, conducíronme a un título de doutoramento na universidade pública galega, hai xa unha década, co apoio estratéxico á investigación dun fuzgo goberno galego. E logo, nada. Unha estafa para a filla de obreiro e ama de casa, cando as cousas volveron ao rego e os de sempre volveron mandar e desgovernar. Un calote para a filla daqueles emigrantes retornadxs que volveran a Galiza para darlle un futuro mellor aquí, e a quen agora só lle quedaba reinventarse profesionalmente ou emigrar. Un shock para quen nunca pasara fame e aínda así tiña que marchar.

Os dez anos na Little England están cheos de grandes satisfaccións profesionais e crecementsos persoais, só esmendrellados pola xenofobia institucionalizada do último lustro. Aínda que non sen desgaste, vivir entre dous mundos e moitas culturas amplía a perspectiva e enriquece a vida. Exercer o traballo que sempre se ansiou é outro privilexio. Mais emigrar non foi, en realidade, unha elección; algo hai que non encaixa para que o agrado sexa pleno.

Será que, no fondo, non emigrei para escapar das miñas penurias. Pero si das penurias coas que os de sempre asoballan o meu país.

ESPECIAL CENTENARIO
DA REVISTA NÓS
Venres, 30 de outubro do 2020
LA VOZ DE GALICIA

11

ANDREA ÁLVAREZ,
UXÍA CARRERA
E SARA PÉREZ
Redactoras

A POSTAL DE ADRIÁN

A GALICIA DE FÓRA

Adrián Solovio é un rapaz de Trasalba, unha pequena aldea de Ourense. As súas obrigas e os seus intereses lévano a mudarse a Madrid. Lonxe da súa nai e da súa avoa. Alí profunda na súa admiración polos intelectuais europeos e viaxa ata París. Durante a súa estancia, afastado da súa terra, Adrián carteousa coa súa nai. Foi neses papeis onde se decatou de que todo o que ansiaba coñecer fóra, xa o tiña en Galicia. A súa vida dende ese momento estará dedicada e identificada coa de Galicia. Adrián Solovio é o personaxe creado por Otero Pedrayo en *Arredor de si*. A súa experiencia é a de todos os membros da Xeración Nós.

As viaxes foron unha parte esencial para descubrir a súa identidade, nun momento —en 1920— no que viaxar era impensable para a maioría dos galegos, salvo para emigrar. Motivados polas inxedanzas características da Xeración Nós, tiveron que saír do territorio español ao non encontraren nada similar á cultura galega pola súa especificidade rural. Castelao e

Risco emprenderon largas viaxes por Europa que foron retransmitindo en diarios na revista Nós e que logo protagonizaron as publicacións *Mittleuropa* e *Do meu Diario*. Foi no París e no Berlín rural onde atoparon as raíces da identidade galega.

Pero tamén quixeron achegarse ao seu territorio máis próximo. Por Galicia, viaxaron Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben Cho Sey nunha ruta dende Ourense ata San Andrés de Teixido que plasmaron en *Pele-rinaxes*, obra de Otero. Coñeceron unha terra que logo quixeron mostrar á comunidade galega.

Non se entende Galicia sen todos os galegos que se atopan fóra das súas fronteiras. A emigración ocupa unha parte maiúscula da nosa cultura. Por necesidade ou por inxedanza, como a que mostraron os pensadores de Nós, milleiros de galegos camiñaron, camiñan e camiñarán por territorios estranxeiros e descoñecidos. Quizais o sentir galego non se poida comprender se non se pasa un tempo lonxe da terra.

31 de outubro

Letras Galegas 2020

RICARDO CARVALHO CALERO



CONCELLO DE BOIRO



PROGRAMACIÓN 31 DE OUTUBRO

17.00h - Presentación literaria: " <i>Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso</i> " de Héctor Cajaraville	19.00h - Actuación infantil: Os Monifates
17.45h - Presentación literaria: " <i>Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero</i> " de Aurora Marco	19.45h - Actuación: Xilbarbeira
18.30h - Descanso	

COLABORAN



Deputación DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

INSCRICIÓN
pastor@barbantia.es (presentacións)
reservacultura@boiro.gal (actuacións)

1920

2020

nós.



Rianxo

Concello